

INFORME DO SERVIZO DE INFRAESTRUTURAS AGRARIAS DE A CORUÑA

Asunto: Informe sobre Estudo de Impacto Ambiental e Proxecto de Interese Autonómico do Parque Eólico Alvite II.

A súa referencia: IN408A 2019/016.

Antecedentes

O 02/08/2022 (Núm. Rex. 2022/1614347) o Servizo de Enerxía e minas da Coruña, da Vicepresidencia segunda e Consellería de Economía, Emprego e Innovación, solicita á Dirección Xeral de Desenvolvemento Rural da Consellería do Medio Rural informe para o proxecto Parque Eólico Alvite II (Estudo de Impacto Ambiental e Proxecto de Interese Autonómico) promovido por Green Capital Power S.L. Todo isto en cumprimento do establecido polo artigo 33,12 da Lei 8/2009 do 22 de decembro, polo que se regula o aproveitamento eólico de Galicia e se crea o canón eólico e o Fondo de Compensación Ambiental, modificada pola Lei 5/2017 do 19 de outubro, de fomento da implantación de iniciativas empresariais en Galicia e pola Lei 9/2021 do 25 de febreiro, de simplificación administrativa e de apoio á reactivación económica de Galicia; no Real Decreto 1955/2000 do 1 de decembro, polo que se regulan as actividades de transporte, distribución, comercialización, subministración e procedementos de autorización de instalacións de enerxía eléctrica; no artigo 37.2 da Lei 21/2013, do 9 de decembro, de avaliación ambiental; na Lei 1/2021 de 8 de xaneiro, de ordenación do territorio de Galicia e demais normativa vixente de aplicación.

Consideracións

Consonte coa Lei 4/2015 de mellora da estrutura territorial Agraria de Galicia e o Decreto 149/2018 de estrutura orgánica da Consellería do Medio Rural, este servizo, dentro das competencias encomendadas, informa que, unha vez estudada a documentación do proxecto presentado, comprobouse que só afecta as seguintes zonas de concentración, xa rematadas, na provincia da Coruña:

- San Martiño de Fontecada (Santa Comba– A Coruña): Decreto 1857 de 02.06.1972 . Con acta de reorganización da propiedade de 18.09.1992. Esta zona está afectada polas obras do parque eólico.
- Santo André de A Pereira (Santa Comba– A Coruña): Decreto 2282/1968 de 16.08.1968. Con acta de reorganización da propiedade de 13.11.1978. Esta zona está afectada polas obras do parque eólico.
- Santa Cosme de Antes (Mazaricos – A Coruña): Decreto 1645 de 18.06.1982 (BOE de 23.06.1982). Con acta de reorganización da propiedade de 18.12.1998. Esta zona está afectada polas obras do parque eólico.





- Santa Mariña de As Maroñas (Mazaricos – A Coruña): Decreto de 22.09.1961. Con acta de reorganización da propiedade de 20.01.1970. Esta zona está afectada polas obras do parque eólico.
- San Pedro de Bugallido (Negreira– A Coruña): Decreto de 08.11.1961 Con acta de reorganización da propiedade de 28.10.1980. Esta zona está afectada polas obras do parque eólico.
- San Tomé de Alvite (Negreira– A Coruña): Decreto de 15.11.1962 Con acta de reorganización da propiedade de 05.05.1966. Esta zona está afectada polas obras do parque eólico.
- San Fíns de Eirón (Mazaricos – A Coruña): Decreto de 26.10.1961. Con acta de reorganización da propiedade de 28.01.1970. Esta zona está afectada só pola poligonal do parque eólico.

Conclusións:

En base á lexislación indicada neste apartado, este servizo, dentro das competencias encomendadas, informa que nas zonas de concentración con proceso rematado coa acta de reorganización da propiedade, as obras realizadas no seu perímetro xa non precisan autorización previa deste servizo, polo que non procede indicar consideracións a ter en conta no desenvolvemento do proxecto.

Anexo: Plano coa localización das zonas afectadas polo proxecto en trámite.

A Coruña, na data da súa sinatura dixital

O Xefe Territorial

José Manuel Santos Maneiro

